



CIRCULAR LU11/2014
- Aos atletas, adestradores e clubes

1º CONTROL DE MARCAS DE INVERNO
MODULO CUBERTO

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza o **1º Control de marcas de inverno**, o sábado 21 de decembro en Lugo no *Módulo Cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera*. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2013/14) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas dende a categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema on-line da RFEA, <http://isis.rfea.es/sirfea2/>, ata as 22:00 h do martes 17 de decembro. **Nas probas de velocidade e lonxitude indicarase a mellor marca.** As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 3. Os delegados oficiais dos Clubes poderán retirar na secretaría da competición os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 5. **O acceso ao módulo será restrixido**, existindo cámara de chamadas. O adestradores que queiran poder entrar no módulo deberán enviar un e-mail a fgatletismolugo@gmail.com antes do xoves 19 para recibir acreditación para o acceso.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 6. Nas **probas de concursos**, se o número de participantes e 15 ou menos faranse 3 saltos máis dous de mellora, se son máis de 15 todos os participantes faran 4 saltos.

Art. 7. Para concurso de **triple salto**, débese acreditar unha marca de 8,50 m (mulleres) e 12,30 m (homes) situándose as táboas a 7, 9 e 11 metros.

Art. 8. Na proba de **salto de lonxitude masculino** faranse dous grupos, un para os atletas que acrediten unha mellor marca de máis de 6,20 m e outro para o resto do atletas (a distintas horas de competición indicados no horario. A táboa estará situada a 3 m.

Art. 9. Na proba de **60 m.l.** faranse dúas finais coas 12 mellores marcas das series previas.

Art. 10. O horario será o que segue:

HOMES	HORA	MULLERES
Triple Salto (min. 12,30 m)	10:30	60 m.v. (cadete) Triple Salto (min. 8,50 m)
	10:45	60 m.v. (0,84)
60 m.v. (cadete)	10:55	
60 m.v. (xjuvenil)	11:05	Salto con Pértega
Salto con Pértega	11:15	
60 m.v. (1,00 m)	11:25	
60 m.v. (1,06 m)	11:30	Salto de Altura Lonxitude
	11:35	60 m.l.
60 m.l.	12:10	
Lonxitude (+ 6,20 m)	12:40	
Salto de Altura	13:00	Lanzamento de Peso ***
Lanzamento de Peso ***	13:40	
Lonxitude (- 6,20 m)	14:00	60 m.l. Final B
	14:05	60 m.l. Final A
60 m.l. Final B	14:15	
60 m.l. Final A	14:20	

*** A PROBA DE LANZAMIENTO DE PESO SERÁ NO EXTERIOR

Art. 11. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da FGA, da RFEA e da IAAF por este orde.

En Lugo, 11 de decembro do 2013

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo